

Orde do 21 de febreiro de 2011 pola que se regula o uso de instalacións xuvenís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar en réxime de oferta concertada durante a Campaña de verán 2011.

A través desta orde preténdese articular a utilización das instalacións xuvenís das que é titular a Consellería de Traballo e Benestar, consciente de que as asociacións xuvenís e as entidades que desenvolven actividades para a xuventude non sempre dispoñen dos medios e instalacións axeitadas para iso. En consecuencia, co obxecto de facilitar á mocidade o acceso a instalacións xuvenís para o desenvolvemento de programas de lecer e tempo libre, sen ánimo de lucro, durante a Campaña de verán 2011, isto é, durante o período comprendido entre o 15 de xuño e o 30 de setembro,

DISPÓÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

A Consellería de Traballo e Benestar convoca a presente oferta de uso das súas instalacións xuvenís para a campaña de verán do ano que corre -que comprende do 15 de xuño ao 30 de setembro-, nos termos que se establecen nesta orde e de acordo coa distribución de prazas que se recolle no anexo I.

Artigo 2º.-*Servizos ofertados e duración das quendas.*

O uso das instalacións ofertadas suporá dispoñer:

-Dos servizos de auga, gas, electricidade e alimentación en réxime de pensión completa.

-Do material (excepto o correspondente ás actividades específicas) que, no caso dos campamentos, comprende tamén as tendas de campaña, colchóns e mantas.

-Xerencia e persoal de servizo.

A duración das quendas e as instalacións ofertadas serán as recollidas no anexo I desta orde.

As quendas comezarán a mañá do primeiro día indicado e acabarán a mañá do último. O primeiro servizo de alimentación será a comida do día de incorporación e o último, o almuerzo do día da saída.

Artigo 3º.-*Destinatarios.*

Poderán solicitar o uso das instalacións de referencia:

1. As asociacións xuvenís, as entidades prestadoras de servizos á xuventude e as escolas de tempo libre, debidamente constituídas e legalizadas.

2. O Consello da Xuventude de Galicia e os consellos locais e municipais de xuventude.

3. Corporacións locais.

4. Outras entidades públicas ou privadas que realicen actividades coa xuventude.

5. Grupos de mozos galegos non asociados que organicen actividades de tempo libre sen ánimo de lucro e, en todo caso, para efectos de realización dun programa de actividades para un mínimo de 15 persoas. Un dos membros do grupo asumirá o papel de representante deste e, como tal, será responsable do cumprimento das obrigas que, como beneficiario, lle corresponden a este. Será necesario que o grupo teña unha denominación que o identifique.

Artigo 4º.-*Solicitud.*

4.1. As solicitudes, subscritas por persoa suficientemente acreditada, presentaranse conforme o modelo normalizado recollido no anexo II desta orde, no rexistro xeral da Xunta de Galicia, nos rexistros das súas xefaturas territoriais ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38º.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4.2 No número de prazas solicitadas, incluíranse as correspondentes aos membros do equipo de animación.

4.3. O prazo de presentación de solicitudes será de 15 de días naturais, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 5º.-*Criterios de adxudicación.*

1. Para a adxudicación do uso das instalacións ofertadas establécese a seguinte orde de preferencia:

1) Asociacións xuvenís, entidades prestadoras de servizos á xuventude, escolas de tempo libre domiciliadas na Comunidade Autónoma galega, e censadas ou rexistradas no correspondente censo ou rexistro dependente da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

2) Consello da Xuventude de Galicia.

3) Corporacións locais.

4) Grupos de mozos galegos non asociados que organicen actividades de tempo libre sen ánimo de lucro e, en todo caso, para efectos de realización dun programa de actividades para un mínimo de 15 persoas.

5) Asociacións xuvenís, entidades prestadoras de servizos á xuventude e escolas de tempo libre domiciliadas noutras comunidades autónomas.

6) Outras entidades públicas ou privadas que o soliciten con fins asistenciais.

2. Pola súa banda, dentro do previsto no parágrafo anterior, terán prioridade:

a) As que soliciten un maior número de prazas e/ou de días ata o tope máximo de cada instalación fixado no citado anexo I.

b) As solicitudes de entidades que cubran as prazas por convocatoria aberta e non reservadas exclusivamente aos seus membros ou asociados.

c) As entidades domiciliadas na Comunidade Autónoma galega.

d) As entidades que soliciten instalacións das que non gozaron nos dous últimos anos.

e) As que subvencionen o total ou parte da cota que teñen que pagar os participantes.

3. Sen prexuízo do disposto nos puntos 1 e 2 deste artigo, as entidades que en anos anteriores non fixeron uso das instalacións unha vez adxudicadas, sen presentar causa xustificada no seu momento, pasarán a ocupar o último lugar dentro dos criterios de prioridade descritos nos puntos anteriores.

No caso de que algunha entidade renuncie ás prazas adxudicadas, estas quedarán dispoñibles para calquera solicitante que as demande e cumpra os requisitos exixidos no artigo 3º. As renunciacións serán sempre respecto do total das prazas adxudicadas e deberán formalizarse mediante correo electrónico no seguinte enderezo:

ofertaconcertada.benestar@xunta.es

As entidades que, tendo remitido o anexo II en prazo, non resultasen adxudicatarias, poderán realizar novas solicitudes de prazas sobrantes a través do enderezo electrónico arriba indicado e terán prioridade respecto doutros solicitantes que as demanden por primeira vez.

Artigo 6º.-Instrución e resolución.

As solicitudes presentadas serán examinadas por unha comisión de valoración constituída para o efecto, e que estará integrada por:

-O/a xefe/a de servizo de Programas, que a presidirá.

-Os/as xefes de servizo de Xuventude e Voluntariado das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar ou o funcionario en quen deleguen.

-Un funcionario da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado designado polo director xeral, que actuará como secretario.

Esta comisión, valoradas as solicitudes conforme aos criterios establecidos no artigo 5º desta orde, elevará proposta de resolución ao director xeral de Xuventude e Voluntariado, que deberá ditar a correspondente resolución nun prazo de 10 días.

A resolución seralles notificada a todos os solicitantes no prazo máximo de dous meses, contados desde a publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen que recaia resolución expresa, deberá entenderse desestimada a petición correspondente. A dita resolución non esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso de alzada ante a conselleira de Traballo e Benestar nun prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de acordo co disposto nos artigos 114º e 115º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada

pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. De ser o caso, será de aplicación o artigo 44º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A antedita resolución publicarase nos taboleiros de anuncios da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar.

Artigo 7º.-Reserva de prazas e primeiro pagamento.

1. Recibida a resolución os beneficiarios están obrigados, no prazo de 10 días:

-A ingresar, en concepto de reserva de prazas, o 25% do importe correspondente ás prazas adxudicadas. A dita cantidade non será reintegrable, nin descontable no seguinte pagamento, en caso de que decaese a adxudicación realizada por incumprimento das obrigas expresadas neste artigo, se a entidade adxudicataria anulase a reserva de utilización da instalación, reducise o número de usuarios previstos ou os días de uso solicitado.

-A presentar no Servizo de Xuventude e Voluntariado da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar correspondente á provincia na que estea a instalación adxudicada, a seguinte documentación:

a) Breve proxecto de actividades que se van realizar.

b) Acreditación da persoa que subscribiu a solicitude como representante da entidade ou grupo solicitante.

c) Xustificante do aboamento do 25% expresado anteriormente.

2. Se transcorrido o prazo de 10 días desde a notificación da adxudicación non se cumprisen os requisitos anteriores, declararase expresamente, a través da oportuna resolución, o desistimento da solicitude efectuada ofertándose as prazas aos demais solicitantes. En caso de non cubrirse as prazas desta forma, a xefatura territorial correspondente reservarállas a quen as demande.

Artigo 8º.-Autorización de uso temporal.

1. Transcorridos 15 días desde a finalización do prazo establecido no artigo anterior, a entidade beneficiaria deberá formalizar o documento de aceptación das condicións particulares de uso da instalación e aboar o 75% do importe correspondente ás prazas que confirme. A dita cantidade ou a parte proporcional non será reintegrable se o número de usuarios ao inicio da actividade é menor ao confirmado.

O documento de aceptación das condicións particulares de uso e o xustificante do segundo ingreso presentaranse no Servizo de Xuventude e Voluntariado da xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar da provincia na que estea a instalación adxudicada.

Así mesmo, presentarán a relación dos responsables que dirixan a actividade e a acreditación das

titulacións exixidas en materia de tempo libre, tendo en conta o disposto no artigo 47º do Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde a actualiza a normativa vixente en materia de xuventude (*Diario Oficial de Galicia* nº 49, do 10 de marzo).

Cumpridas as condicións anteriores, a xefatura territorial correspondente da Consellería de Traballo e Benestar facilitaralle á entidade beneficiaria o documento de autorización de uso temporal da instalación.

Se transcorridos os diferentes prazos establecidos neste artigo non se fixesen os pagamentos correspondentes polas entidades beneficiarias, procederase de acordo co disposto no parágrafo segundo do artigo 7º desta orde.

Artigo 9º.-Obrigas dos beneficiarios.

Os adxudicatarios estarán obrigados:

1. A cumprir os requisitos esixidos no Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude (*Diario Oficial de Galicia* nº 49, do 10 de marzo) e demais lexislación vixente.

2. A observar as normas de réxime interno da instalación da que sexan adxudicatarios así como as indicacións da persoa responsable desta no referente a aqueles aspectos non recollidos expresamente nas citadas normas.

3. A responder dos actos que se realicen nas instalacións concedidas e das consecuencias que deles se deriven, así como de toda responsabilidade civil derivada de calquera acto.

4. A aboar o importe dos danos que produzan no material e nos equipamentos da instalación durante o período de uso desta.

5. No caso de que se queiran utilizar as piscinas da instalación adxudicada, cada entidade deberá dispor dos seus propios socorristas.

Artigo 10º.-Tarifas.

Os prezos dos servizos ofertados nesta orde aparecen recollidos no anexo I da orde pola que se fixan as tarifas e os prezos correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e á expedición de carnés dirixidos á xuventude da Dirección Xeral da Xuventude e Voluntariado durante o ano 2011.

Aqueles grupos que figuren inscritos no rexistro da Consellería de Traballo e Benestar como entidades prestadoras de servizos sociais, gozarán dun desconto do 50% sobre os prezos sinalados no punto anterior.

O aboamento dos diferentes pagamentos regulados nesta orde efectuarase utilizando os impresos destinados para o efecto, que se atoparán á disposición dos interesados na Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado ou en calquera xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar.

Artigo 11º.-Protección de datos.

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informámoslle que, a través dos datos compilados nos diferentes anexos desta orde, se presta o seu consentimento á incorporación dos datos persoais achegados a un ficheiro do que é responsable a Consellería de Traballo e Benestar, e inscrito na Axencia Española de Protección de Datos, coa finalidade de xestión da actividade. O responsable do ficheiro comprométese a respectar a confidencialidade da información de carácter persoal e a garantir o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, que se poden exercer ante o centro directivo competente en materia de xuventude no enderezo: Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, edificio administrativo San Lázaro, s/n, 3º andar, 15781 Santiago de Compostela, ou ben enviando un correo electrónico ao seguinte enderezo: lopd.xuventude@xunta.es

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase o director xeral de Xuventude e Voluntariado para ditar as disposicións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2011.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

ANEXO I

Provincia	Instalación xuvenil	Datas	Nº prazos ofertadas	Total de prazos
A Coruña	Albergue xuvenil Gandarío-Bergondo	16-30 de xuño	30	870
		16-30 de setembro	100	
	Albergue xuvenil Mariña Española-Sada	20-31 de agosto	100	
		1-15 de setembro	100	
	Campamento xuvenil Furelos-Melide	18-29 de agosto	60	
		Campamento xuvenil Virxe de Loreto-Porto do Son	17-28 de xullo	
	2-13 de agosto		80	
	18-29 de agosto		150	
Campamento xuvenil Espiñeira-Boiro	2-13 de agosto	100		
	18-29 de agosto	100		
Lugo	Albergue xuvenil Area-Viveiro	15-29 de xuño	120	445
		Campamento xuvenil A Devesa-Ribadeo	2-13 de agosto	
	18-29 de agosto		175	
	Albergue xuvenil Benigno Quiroga-Portomarín	11-18 de agosto	50	
20-27 de agosto		50		
Ourense	Campamento xuvenil Penedos de Xacinto-Entrimo	15-26 de agosto	50	50
Pontevedra	Campamento xuvenil Illa de Ons-Bueu	18-29 de agosto	60	200
		18-29 de agosto	140	
				1.565



ANEXO II

PROCEDEMENTO CONCERTOS CON ENTIDADES XUVENÍS E OUTRAS ENTIDADES PÚBLICAS OU PRIVADAS, PARA O USO DE CAMPAMENTOS E ALBERGUES XUVENÍS DA ADMINISTRACIÓN GALEGA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO BS304A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE /GRUPOS DE MOZOS GALEGOS NON ASOCIADOS

ENTIDADE / GRUPOS DE MOZOS GALEGOS NON ASOCIADOS		CIF	Nº DE REGISTRO (1)
ENDEREZO		PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
CONCELLO	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO

E, na súa representación:

APELIDOS	NOME	DNI
ENDEREZO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
CONCELLO	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO		

* Autorizo a Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade cos artigos 2º e 3º do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade nos sistemas de verificación de datos de identidade.

Si Non (en caso de non outorgar autorización, deberá achegar copia compulsada do DNI)

INSTALACIÓN SOLICITADA

DATAS

EN 1º LUGAR	DESDE	ATA
EN 2º LUGAR	DESDE	ATA
Nº DE PRAZAS	PREZO PARA PAGAR POR CADA PARTICIPANTE	A ENTIDADE SUBVENCIÓN AS PRAZAS (MARCAR O QUE PROCEDA)
		<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON PORCENTAXE: _____

INSTALACIÓNS QUE UTILIZOU EN RÉXIME DE OFERTA CONCERTADA DURANTE OS DOUS ÚLTIMOS ANOS

ANO	INSTALACIÓN

A cobertura das prazas solicitadas será:

- Por convocatoria aberta
- Reservadas exclusivamente aos seus membros asociados

OBSERVACIÓNS

(1) No caso de ser prestadora de servizos sociais.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 21 de febreiro de 2011 pola que se regula o uso de instalacións xuvenís dependentes da Consellería de Traballo e Benestar en rexime de oferta concertada durante a Campaña de verán 2011.</i>
SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA Lugar e data _____ de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)	
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA

Director xeral de Xuventude e Voluntariado

(1) En caso de ser prestadora de servizos sociais. De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informámoslle que os datos recompilados nos diferentes anexos desta orde resultan necesarios. Os datos facilitados considéranse exactos e postos ao día, ademais de pertinentes e adecuados e serán incorporados a un ficheiro do que é responsable a Consellería de Traballo e Benestar coa finalidade de xestión da actividade. O responsable do ficheiro, comprométese a respectar a confidencialidade da información de carácter persoal e a garantir o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, que se poden exercer ante o centro directivo competente, no enderezo edificio administrativo San Lázaro, s/n, 3º andar-15781 Santiago de Compostela (A Coruña) ou no enderezo electrónico lpd.xuventude@xunta.es.